

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 21/11/1978**

**Colección:**

**Data:** 21/11/1978

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Francisco Fernández del Riego;

**Orix:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Mencionados:**

Domingo García-Sabell; Álvaro Gil Varela; Evelina Hervella; Xohán Ledo; Maruxa Seoane;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 21/11/1978**

Buenos Aires, 21 de Novembro de 1978  
Sr. D. Francisco Fernández del Riego  
Vigo

Meu querido amigo:

Lamento moito a morte dos teus irmáns. Non soupen nada e estrañábame o teu silencio, non podía comprendelo dada a nosa amizade, e queixeime inxustamente. Perdóame, síntoo moito e estou contigo na tua door.

Onte falou conmigo dende Lima, Garcia Sabell. Estará nesta o Domingo que ven e prometeunos unhas horas para falar de todo, amigos, traballos, etc. De ahí non soupen nada durante os derradeiros meses. Nin siquera me enterei da inauguración do Museo Maside hasta que mo dixo Xosé Luis Vázquez [de Castro] en Buenos

Aires, fai uns dias. Todo o que soupen foi dunha xuntanza do Patronato no Castro con motivo de ter ido a Coruña Alvaro Xil, invitándome a unha comida en Sada. Non tiveron noticias de nada. Mais estou acostumbrado a perder e teño decidido, cecáis cando volte, a renunciar a formar parte do Patronato. Fixen o Museo e fun despoñado do meu dereito a opinar. Foi idea miña, como outras desnaturalizadas, deixei a miña colección, merquei moitos cadros, pedín a donación de outros, sentei as liñas xerais pra facer del un centro cultural dinámico e remata sendo propiedade dunha fábrica e non de Galicia como aspirábamos a que fose. O que me resta por donar fareino máis adiante, si se concreta, ao Museo de Vigo, ou o da Coruña. En canto a miña Biblioteca de Arte, de arredor de dous mil volúmens téño decidido, senón poñen dificultades, de donala á sección de Historia do Arte da Facultade de Filosofía de Santiago, que é, penso, onde mais a precisan. Desto falarei con Domingo no tempo que estemos xuntos. A xente que atopei en Santiago o ano pasado que tiñan rematado a carreira non teñen mais noticia do arte do noso tempo que o que poideron adequerir pola súa conta en lecturas de revistas e nas conversacións das tertulias. A miña biblioteca foi feita no transcurso de coarenta anos, con moitos sacrificios como te podes imaxinar polos precios dos libros, pero foi o meu vicio, e hoxe poseo moitos raros e agotados.

Tampouco estou enterado de cales son os traballos que se fan encol do Seminario de Estudos Galegos. Por outra parte eu non formaba parte do vello Seminario, pero enmais é que non sei nada de Galicia e as xentes de eiquí tampouco. Nunca estivo máis lonxe Galicia de Buenos Aires que nestes dous derradeiros anos. Nesta semán ou nos primeiros dias da que ven, logo da presentación de Imágenes de Galicia por un crítico arxentino nunha galería de eiquí, enviarei a todos os amigos, entre os primeiros a Ricardo e a ti, o exemplar do libro, agradecendo a vosa opinión sincera. E nada mais hoxe. Unha grande e garimosa aperta de Maruxa e miña para Evelina e para ti:

Seoane

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.